

**SETEMBRO 2021**
*Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Setembro 2021*

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19
<b>VIAXEIRO</b> S	8.230.619	-25,4%	459.772	-12,9%
<b>NOITES</b>	25.655.491	-31,7%	932.661	-9,9%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	3,12	-8,4%	2,03	3,5%
<b>% OCUPACIÓN</b>	52,23%	-14,86	45,90%	-4,14
<b>ADR</b>	94,10 €	-0,1%	62,7 €	3,9%
<b>RevPAR</b>	56,12 €	-21,8%	32,3 €	-3,2%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

No mes de setembro Galicia atópase nunha situación de certa estabilidade en relación á pandemia, con mellora dos datos epidemiolóxicos, o que permite avanzar no proceso de desescalada e achegarse a unha situación próxima á normalidade “pre-pandemia”.

Neste contexto o INE estima que en setembro abriron en Galicia algo máis de 1.600 establecementos hoteleiros –dos 1.400 que o fixeron no mesmo período de 2020 e cun nivel parello ao de 2019- que ofertaron máis de 67 mil prazas –das pouco máis de 68 mil de setembro de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 2% en relación ao último mes de setembro previo á pandemia, isto é, neste mes ofertáronse practicamente o total das prazas que estaban dispoñibles en setembro de 2019 –obviamente superáronse os niveis do pasado ano cando se ofertaban preto de 59 mil prazas-. O nivel de recuperación da oferta é practicamente total, na liña do observado no verán.

**SETEMBRO 2021**

- A conxuntura hoteleira deste mes de setembro é moi positiva confirmando a progresiva recuperación da actividade turística en Galicia, na liña do observado no período estival.
- Así, neste mes rexistráronse en Galicia preto de 460 mil viaxeiros aloxados e case 933 mil noites, cifras que superan en máis do dobre o dato do pasado ano e que fican, sen embargo, levemente por debaixo dos niveis de 2019. O grao de recuperación da demanda sitúase neste mes de setembro no 90% -no relativo ao número de noites-, porcentaxe semellante á observada no mes de xullo. Consólidase a tendencia positiva do verán se ben en setembro o nivel de recuperación en termos interanuais é algo menor ao observado en agosto.
- A tendencia positiva mantense no sentido de que a recuperación colocou as cifras deste ano en niveis moi próximos aos de 2019. En marzo Galicia rexistrara o 37% do volume previo á pandemia, porcentaxe que ascendeu ao 60% en xuño, ao 87% en xullo e que superou, por vez primeira neste ano, o nivel de 2019 en agosto.

- A nivel das comunidades autónomas obsérvase un comportamento semellante. Neste sentido todas elas conseguen superar con creces os niveis de demanda do pasado ano –con maior dinamismo os destinos insulares, Canarias e Baleares- que multiplican por máis de catro as cifras de setembro de 2020. Son xustamente aqueles de maior volume de negocio no verán e que ademais tiñan moita capacidade de recuperación por canto sufriron con maior intensidade os efectos negativos da crise. No lado contrario os destinos que menos crecen en termos relativos son aqueles que obtiveron bos resultados o pasado ano –Asturias, Aragón e Cantabria, entre eles-. Tiñan menor marxe de mellora.
- Este incremento non é suficiente para superar os niveis de 2019. Así, todas as comunidades fican por debaixo dos valores previos á pandemia, con porcentaxes de recuperación diferentes. Os destinos de mellor comportamento en termos relativos localízanse no norte peninsular, na España Verde – Asturias, Cantabria e Galicia-, pois presentan un grao de recuperación igual ou superior ao 90% en relación ás cifras de setembro de 2019. No lado contrario son xustamente os destinos insulares, xunto con Madrid e Cataluña, as comunidades que se sitúan máis lonxe dos niveis previos á pandemia –Baleares rexistra a maior distancia, con pouco máis da metade da demanda de 2019-.
- Confírmase por cuarto mes consecutivo que, con carácter xeral, os destinos que máis sufriron as consecuencias da crise –aqueles insulares e os localizados no mediterráneo peninsular- son os que agora inician unha recuperación máis intensa en comparación coas cifras de 2020 pero con marxe de mellora en relación aos datos de 2019. En cambio, os destinos do norte peninsular son os que conseguen situarse en niveis moi próximos aos anteriores á crise, de 2019, en proporcións algo diferentes pero con volumes parellos aos dese ano, rexistrando unha capacidade de recuperación case plena.
- No conxunto do Estado a recuperación da demanda sitúase no 68% en comparación cos niveis previos á crise, rexistrando preto de 25,7 millóns de pernactacións.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 3,6% do total estatal. Mantén a súa posición habitual – no verán conseguiu ascender ao sexto lugar -, e sitúase por detrás dos principais destinos do Estado. Son neste mes, por orde de importancia, Baleares –con preto de 5,3 millóns de noites-, Andalucía –con máis de 4,7 millóns-, Canarias –con preto de 4,1 millóns-, Cataluña –con case 3,5 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 2,2 millóns- e Madrid –con preto de 1,5 millóns neste caso-. Estas seis comunidades agrupan ao 83% do total da demanda hoteleira do conxunto do Estado.
- A recuperación da demanda sitúase esencialmente no mercado nacional, tanto no interno como no que procede do resto do Estado. Isto vén condicionado en grande medida polas restricións de mobilidade aplicadas a nivel internacional e as inercias asociadas ás mesmas, en paralelo á liberdade de movemento dentro do Estado. A progresiva recuperación da demanda situouse nun primeiro momento, ata o mes de xuño, no mercado interno –dos residentes en Galicia-, liderando os incrementos en relación ao pasado ano. Logo no verán o forte impulso veu da man do segmento receptor nacional, aquel que procede do conxunto do Estado, manténdose o interno en niveis moi aceptables. Agora en setembro acontece que ambos segmentos amosan unha dinámica positiva moi parella, co-liderando a recuperación no conxunto da comunidade.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, mantén e mesmo reforza a tendencia positiva dos meses anteriores por canto rexistra niveis importantes de recuperación da demanda que superaron sempre aos restantes segmentos, e neste mes, a diferenza do verán, aseméllase ao rexistrado polo receptor nacional. O turismo interno incrementa nun 62% a cifra do pasado ano e supera tamén a de 2019 –nun 8,3%-, circunstancia que acontece por segunda vez de forma consecutiva. Con 225 mil

noites o mercado interno acada en 2021 a cifra máis elevada de toda a serie histórica do mes de setembro –o anterior dato máis próximo corresponde ao de 2007 con preto de 219 mil noites.

- O mercado receptor nacional mantén neste mes a tendencia marcada no verán e supera tamén en setembro non só as cifras do pasado ano –en máis do dobre- senón tamén as de 2019 –nun 8,3%-, rexistrando máis de 544 mil noites –a cifra máis elevada desde o 2010, último ano Xacobeo-.
- O mercado internacional continúa amosando dificultades para un recuperación plena aínda que presenta agora en setembro, igual que no verán, mellor comportamento do observado no primeiro semestre. Triplica o volume de noites do pasado ano pero sitúase no 50% da demanda de 2019. Con algo máis de 163 mil noites este segmento marca a cifra máis baixa dos últimos doce anos –obviando o dato de setembro de 2020-.
- A dinámica global dos tres grandes segmentos de mercado difire do observado nos últimos meses, o que provoca novos cambios na estrutura da demanda. O turismo de ámbito nacional gaña representatividade neste mes, circunstancia que afecta tanto ao mercado interno –que mellora en catro puntos o peso de 2019, absorbendo o 24% do total da demanda- como ao receptor nacional –que supera en case dez puntos a súa cuota previa á pandemia, representando o 58% do total neste caso-.
- O mercado internacional rexistra unha perda próxima aos 14 puntos absorbendo o 17,5% do total –a porcentaxe máis baixa desde o ano 2005, obviando o dato do pasado ano 2020-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento relativamente parello da demanda no sentido de que sobe en todas as provincias en relación ao pasado ano –en máis do dobre en A Coruña e Lugo- mais fica por debaixo dos niveis de 2019. A diferenza radica nos graos de recuperación, que se aproximan ao 100% en A Coruña e Lugo –isto é, ambas provincias marcan niveis de demanda moi próximos aos de setembro de 2019-, e baixan ao 87% en Ourense e ao 80% en Pontevedra –a provincia que rexistra maior distancia cos niveis previos á pandemia-.
- Co 43,1% das noites hoteleiras –e 399 mil pernoctacións- A Coruña lidera de novo o mercado turístico hoteleiro en Galicia –acontecía o mesmo no primeiro semestre mais no verán é Pontevedra a provincia de maior volume e peso na comunidade-. Seguen en orde de importancia neste mes Pontevedra –co 37,3% e máis de 348 mil noites-, Lugo –co 13,3%- e finalmente Ourense –co 6,5% do total da comunidade-.
- O nivel de recuperación da demanda difire entre as distintas categorías. No hoteis rexístrase neste mes o 87% do volume de noites de 2019, porcentaxe que ascende a máis do 90% para o segmento de catro e cinco estrelas, e tamén para os de dúas estrelas, e cae a menos do 80% para os hoteis dunha e tres estrelas.
- No caso das pensións a dinámica é diferente. Esta modalidade non só supera neste mes as cifras do pasado ano senón tamén as de 2019 –nun 7,8%-, marcando o mellor comportamento de toda a oferta hoteleira. Este incremento afecta tanto ás pensións de tres e dúas estrelas –que superan nun 6,8% a cifra de 2019- como ás de unha estrela –que marcan o incremento máis notorio, de case o 10% sobre a cifra anterior á pandemia-.
- A estadía media hoteleira increméntase por segundo ano consecutivo situándose en pouco máis de dúas noites, a cifra máis elevada desde o 2012.

- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Canarias, con 6,5 noites, e Baleares, con 5,3 noites, son os destinos que neste mes marcan as cifras máis elevadas. No lado contrario A Rioxa rexistra a cifra máis baixa, con 1,6 noites neste caso.
- O importante nivel de recuperación observado no lado da demanda leva a unha mellora notable dos niveis de ocupación. Superan neste mes en máis de 22 puntos a cifra do pasado ano aínda que fica por debaixo da porcentaxe de 2019 –cando se ocuparan o 50% das prazas ofertadas-. Co 45,9% de ocupación media mensual Galicia supera a porcentaxe de toda a serie anterior ao 2017 –salvo o dato de 2020-.
- Baleares e Canarias rexistran neste mes –en contraposición ao que se observaba no verán- a cifra de ocupación máis alta do conxunto do Estado con preto do 60% de media en ambos destinos. Seguen en orde de importancia, con porcentaxes do contorno do 55%, a C. Valenciana, Cantabria, Andalucía e o País Vasco. No lado contrario Castela A Mancha marca a cifra máis baixa cun 34,4% de media. Neste contexto Galicia perde posicións respecto do que se observaba no verán –rexistra a sexta cifra máis baixa- aínda que mellora o que se apreciaba en xuño, por exemplo –cando rexistraba a cifra máis baixa do conxunto do Estado-.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 62,7 euros, cifra que supera nun 9,4% o dato do pasado ano e nun 3,9% a cifra de 2019. Tal circunstancia xa se observaba no verán, tanto en xullo como en agosto, e rompe coa tendencia que se viña observando no último ano na que, en liña coa conxuntural global, as tarifas caían respecto dos valores previos á crise. O incremento rexistrado en setembro coloca o dato do mes en máximos da serie histórica –por terceira vez de forma consecutiva-. O bo comportamento da demanda acontece, por tanto, nun contexto de subas das tarifas hoteleiras na comunidade.
- Con todo, o dato de Galicia colócase nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste mes a cifra de tan só tres destinos –no verán conseguira situarse en niveis medios en termos comparativos-. Baleares, con 119,2 euros, rexistra a cifra máis alta neste mes, por diante de Canarias –con 102,0 euros- e Andalucía –con 100,1 euros neste caso-, marcando todas certa distancia cos restantes destinos do Estado. No lado contrario as cifras máis baixas rexístranse en Castela A Mancha, con menos de 60 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O bo comportamento da demanda e dos niveis de ocupación, nun contexto de mellora das tarifas hoteleiras, leva a que neste mes os establecementos hoteleiros de Galicia melloren notablemente os niveis de rendibilidade. Así, o RevPAR sitúase en 32,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a segunda cifra máis elevada da serie histórica –só por detrás do valor rexistrado xustamente en 2019-. Supera en máis do dobre o nivel de rendibilidade rexistrado en setembro do pasado ano.
- Con esta cifra Galicia colócase nunha posición baixa no conxunto do Estado, superando o valor observado en catro destinos. Baleares –con 78,3 euros- é o destino de maior rendibilidade hoteleira neste mes de setembro, por diante de Canarias, Andalucía e o País Vasco –que rexistran un nivel de rendibilidade por encima dos 60 euros-. A media do conxunto do Estado sitúase en 56,1 euros.
- En termos globais estímase que o sector hoteleiro de Galicia obtivo uns ingresos totais próximos aos 34,9 millóns de euros neste mes de setembro, a segunda cifra máis elevada da serie histórica –fica por detrás do valor de 2019, cando se achegaba aos 36,6 millóns de euros-. Son máis de 20 millóns de diferenza co nivel rexistrado no pasado ano.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Setembro 2011-21




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Setembro 2021/19




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Setembro 2021/19




Fig. 4. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Setembro 2021/19




Fig. 5. Evolución da estadía media. Setembro 2011-21




Fig. 6. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Setembro 2013-21




Fig. 7. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Setembro 2011-21




Fig. 8. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Setembro 2011-21

